

RESUMO DE ESCRITOR DE BLOG

1 Uso do contido creado por outros.

Se queres incorporar no teu blog contido creado por outra persoa, como artigos de prensa, vídeos, imaxes, precisas o permiso do autor ou o titular dos dereitos de autor.

O autor puido autorizar que se modifique a súa imaxe ou obra cunha licenza Creative Commons. Comproba as iconas da licenza para saber como pode usarse a obra. O símbolo da licenza Creative Commons e o nome do autor deben indicarse xunto á imaxe.

Dunha obra publicada poden tomarse citas se se cumpren os requisitos sinalados no límite de cita: só podes utilizar un fragmento de obras xa divulgadas (salvo que se trate dunha imaxe), a modo de cita, análise, comentario ou xuízo crítico e sempre que concorra un fin docente ou de investigación. Lembra que debes citar o autor e a fonte. As citas márcanse con comiñas e coa referencia bibliográfica.

Pode crearse unha ligazón directa a materiais que estean en Internet con autorización. Para inserir materiais noutro sitio web, como norma xeral, precisase o permiso do autor ou do titular dos dereitos.

2 Uso de imaxes.

No teu blog, podes usar:

- a) Imaxes feitas ou tomadas por ti.
- b) Imaxes feitas ou tomadas por outras persoas.

Co permiso do autor

Cunha licenza Creative Commons

Imaxes libres de dereitos de autor

As imaxes cuxo prazo de protección vencera poden publicarse e usarse libremente.

Coa restrición dos dereitos de autor

O texto duna recensión, como a dunha exposición de arte, pode ir acompañado dunha imaxe da obra de arte publicada relacionada coa información. Calquera obra susceptible de ser vista ou oída con ocasión de informacions sobre acontecementos da actualidade pode ser reproducida, distribuída e comunicada publicamente, aínda que só na medida en que o xustifique a devandita finalidade informativa.

Unha obra de arte situada de xeito permanente nun parque, rúa, praza ou vía pública pode fotografarse e incluírse nun blog.



3 Indicar o nome do autor de xeito visible.

Cando publicas obras realizadas por outras persoas, como imaxes, escritos ou vídeos, debe mencionarse o nome do autor.

4 Alteración dunha obra.

Se queres modificar unha obra, por exemplo, procesar unha imaxe, precisas o permiso do autor. O autor puido autorizar que se modifique a súa imaxe ou obra cunha licenza Creative Commons. Comproba nas iconas da licenza se se permite alterala. O símbolo da licenza Creative Commons e o nome do autor deben indicarse xunto á imaxe.

5 Outras consideracións.

Compartir os teus propios escritos nas redes sociais.

Nas redes sociais, podes compartir unha ligazón ao teu blog.

Porén, ten en conta que se sobes fotos, vídeos ou escritos feitos ou tomados por outras persoas ás redes sociais, só é posible a respecto das obras para as que obtiveras o permiso de publicación para as redes sociais. Sempre que compartas obras nas redes sociais, debes consultar os seus termos e condicións. Nestes termos e condicións, en ocasións, inclúense cesións de dereitos sobre as obras que sobes, que debes ter en conta.

Publicar imaxes ou vídeos de persoas

A publicación de imaxes ou vídeos non debe vulnerar a intimidade nin a honra das persoas que aparecen neles. Para facer e publicar fotos e vídeos, debes pedir permiso ás persoas que aparezan neles.

**ANTES DE PUBLICAR, PENSA SE
QUERERÍAS QUE SE PUBLICASE UNHA
FOTO OU UN VÍDEO TEU SEMELLANTE.**

